



**JUAN MARQUINA FUENTES, VICESECRETARIO XERAL DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:**

**C E R T I F I C O:** Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria do día **24 de novembro de 2017**, adoptou, co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana, o seguinte acordo:

**RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES Á APROBACIÓN INICIAL DO  
ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O  
EXERCICIO 2018 E APROBACIÓN DEFINITIVA.-**

**Primeiro.-** Desestimar a reclamación presentada polo Concello de Verín contra o orzamento para o exercicio 2018 inicialmente aprobado.

**Segundo.-** Asumir o compromiso firme de incluír a previsión dunha subvención nominativa a favor do Concello de Verín para o financiamento das obras de urbanización e equipamento mobiliario do Centro Cultural das Artes de Verín nos orzamentos de 2018. Esta previsión incluírase a través do primeiro expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario) que se tramite no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de Tesourería derivado da liquidación do exercicio 2017.

O presente compromiso queda, en todo caso, condicionado á existencia de remanente de tesourería positivo derivado da liquidación do exercicio 2017 para o seu financiamento.

Unha vez aprobada a modificación orzamentaria, a subvención nominativa tramitárase de oficio, podendo acumularse nun único acto a concesión da subvención e a súa xustificación, ao tratarse dunha actuación xa realizada, e sempre e cando obre no expediente a documentación xustificativa correspondente.

**Terceiro.-** Prestarlle aprobación definitiva ao orzamento xeral e bases de execución da deputación para o exercicio 2018, de conformidade co establecido no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, conforme co documento aprobado inicialmente o 29 de setembro de 2017, segundo o seguinte detalle:



**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

A) Ingresos, resumo por capítulos:

1. Operacións correntes:


I.- Impostos directos	4.605.000,00
II.- Impostos indirectos	4.030.000,00
III.- Taxas e outros ingresos	4.458.461,13
IV.- transferencias correntes	66.182.047,37
V.- ingresos patrimoniais	219.511,75

2. Operacións de capital:

VI.- Alleamento investimentos reais	21.000,00
VII.- Transferencias de capital	890.979,75
VIII.- Activos financeiros	300.000,00
IX.- Pasivos financeiros	0,00

B) Gastos, resumo por capítulos:

1. Operacións correntes:



I.- Gastos de persoal	31.798.524,56
II.- Gastos bens correntes e servizos	18.923.476,00
III.- Gastos financeiros	17.962,75
IV.- Transferencias correntes	13.213.768,95
V.- Fondo de continxencia	10.000,00

2. Operacións de capital:

VI.- Investimentos reais	14.610.872,47
VII.- Transferencias de capital	663.528,20
VIII.- Activos financeiros	300.000,00
IX.- Pasivos financeiros	1.168.867,07



**Cuarto.-** Inserir no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos, o orzamento xeral, segundo o que establece o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente será obxecto de publicación o cadro de persoal en base ó preceptuado no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o vinte e catro de novembro de dous mil dezasete.

V. e pr.

O PRESIDENTE,